



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Programa para Análise de Datos Cuantitativos con Exemplos de Turismo	Código	615524011	
Titulación	Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos(plan 2016)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Garcia Lopez, Javier Angel	Correo electrónico	javier.garcial@udc.es	
Profesorado	Garcia Lopez, Javier Angel	Correo electrónico	javier.garcial@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta é unha materia de tipo cuantitativo e que ten un carácter instrumental no contexto do Máster. Os coñecementos adquiridos nesta materia serán de aplicación en calquera proxecto ou traballo doutras materias que requira do uso de técnicas estatísticas e econométricas.</p> <p>A materia ten fundamentalmente dous obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que o alumnado adquira e desenvolva as habilidades relacionadas co manexo de instrumentos (técnicas e metodoloxías) de recollida e análise de datos e de clasificación, predición e control da actividade turística que lle permitan abordar a investigación de problemas empíricos e comunicar as conclusións de forma clara e concisa.</li> <li>- Que os estudantes desenvolvan capacidades analíticas, interpretativas e propositivas que lles permitan elaborar diagnósticos e propostas para a planificación e/ou a investigación.</li> </ul>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A7	CE9 - Remodelar destinos turísticos maduros para adaptalos ás novas esixencias da demanda e ao desenvolvemento sustentable das comunidades receptoras
A9	CE12 - Utilizar as metodoloxías científicas adecuadas tanto cualitativas como cuantitativas
A10	CE10 - Manexar as TIC para a comunicación, promoción e a comercialización
B1	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B7	CG2 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
B10	CG5 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
B12	CG7 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C6	CT6 - Capacidade para interpretar, seleccionar e valorar conceptos adquiridos noutras disciplinas do ámbito turístico
C7	CT7 - Capacidade para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, que doten dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Analizar, desde un punto de vista crítico, os resultados da aplicación das técnicas	AM1	BM7	
Utilizar correctamente e con precisión a terminoloxía e a linguaxe estatística-económico		BM10	CM6
		BM12	CM7
Buscar e obter información adecuada para a análise cuantitativa da actividade turística	AP7		



Interpretar a información cuantitativa mediante técnicas de análise multivariante e utilizar as principais ferramentas informáticas que permiten dita análise	AI2		
Analizar, desde un punto de vista crítico, os resultados da aplicación das técnicas		BM1	
Buscar e obter información adecuada para a análise cuantitativa da actividade turística		BM1	
Analizar, desde un punto de vista crítico, os resultados da aplicación das técnicas		BM10	

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque I. Métodos multivariantes para a análise da actividade turística	1. Técnicas de análise multivariante de datos cuantitativos. 2. A análise multivariante aplicada con Excel e outros paquetes estatísticos: SPSS, R, Gretl,...
Bloque II. A elaboración de indicadores turísticos a partir de datos cuantitativos	1. Metodoloxía de elaboración de indicadores sintéticos 2. A construción de indicadores sintéticos no ámbito do turismo

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A7 A10 A9	6	0	6
Sesión maxistral	B7 B10	17	34	51
Obradoiro	B1 B12 C7 C6	25	50	75
Atención personalizada		18	0	18

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Estas actividades están fundamentalmente pensadas para aqueles alumnos que non cursasen previamente a materia de métodos e técnicas de investigación en turismo: técnicas cuantitativas. Presentación da materia, revisión das principais fontes de datos económicos e o repaso dalgúns coñecementos estatísticos básicos.
Sesión maxistral	Modalidade presencial: Exposición oral dos conceptos e métodos por parte do profesor. Dita exposición complementábase coa utilización de exemplos prácticos e exercicios. Modalidade online: Ofrécense ao alumno diferentes materiais teóricos / prácticos sobre os contidos da materia a través da plataforma Moodle, complementados coa utilización de exemplos e exercicios que permiten destacar as limitacións e posibilidades das técnicas analizadas.
Obradoiro	Modalidade presencial: Configúranse como parte fundamental da materia. Son necesarias para aprender o manexo do software (Excel, SPSS, R, Gretl,...) adecuado para efectuar aplicacións empíricas e para valorar os resultados que proporcionan, tarefas que o alumno debe realizar baixo tutela. Modalidade online: Plantéxase ao alumno a través da plataforma Moodle aplicacións para aprender o manexo do software (Excel, SPSS, ...) que lle permita efectuar aplicacións empíricas e valorar os resultados que proporcionan, tarefas que o alumno deberá realizar e entregar a través de Moodle,

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral Obradoiro	<p>Posto que o grupo é reducido, poden dedicarse os minutos finais á consulta dos problemas que poidan presentarse ao alumnado.</p> <p>Debido á heteroxeneidade dos estudantes no dominio das ferramentas informáticas, os problemas que xorden durante o seu desenvolvemento son múltiples e variados e hai que resolvelos de forma individualizada. A medida que vai realizando o seu traballo, cada alumno debe consultar co profesor para obter as orientacións necesarias para o seu correcto desenvolvemento.</p> <p>Con respecto aos alumnos online abríranse as vías de comunicación precisas (correo electrónico, foro da materia a través da plataforma Moodle,...) que os alumnos poderán utilizar sempre que consideren preciso. Ademais no horario de titorías do profesor encargado da materia, este estará dispoñible para os alumnos que cursen a modalidade online a través da súa conta Teams</p> <p>Teléfono: 600738148 Correo electrónico: javier.garcial@udc.es</p> <p>Horario de titorías (2º cuatrimestre): Martes de 16:45 a 18:15 horas Mércores de 10:00 a 11:30 horas y de 13:00 a 14:30 horas Venres de 11:30 a 13:00 horas</p>
-------------------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	B7 B10	Os tcontidos de as sesións maxistrais serán avaliados a través de unha proba obxectiva, Para los alumnos de la modalidad online dicha prueba se realizará a través de Moodle.	10
Obradoiro	B1 B12 C7 C6	Modalidade presencial: Nestas clases os alumnos iniciarán a resolución dos problemas e probas propostas polo profesor, que logo deberán completar e entregar.  Modalidade online: Os alumnos deberán resolver os problemas e probas propostas polo profesor a través da plataforma Moodle, que deberán completar e remitir a través da mesma.  A participación activa dos alumnos presenciais nas sesións maxistrais e de obradoiro e dos alumnos online en foros/debates en Moodle, suporá ata un 10% da nota final da materia.	90

Observacións avaliación
A avaliación continua realizarase mediante dúas prácticas avaliáveis (unha ao final de cada tema) que os alumnos presenciais poderán realizar nas sesións de obradoiro e os non presenciais entregarán a través da plataforma Moodle. Os contidos das sesións maxistrais serán avaliados a través dunha proba obxectiva que se realizará a través de Moodle, tanto para os alumnos da modalidade presencial como da modalidade online

Fontes de información
-----------------------



<b>Bibliografía básica</b>	NARDO, M. Y OTROS (2008). Handbook on constructing composite indicators: Methodology and user guide. París: OCDE NARDO, M. Y OTROS (2005). Tools for Composite Indicators Building. Ispra: OCDE HAIR, J.F. Y OTROS (2005). Análisis Multivariante. Madrid: Pearson Educación PÉREZ, C. (2009). Técnicas Estadísticas Multivariantes con SPSS. Madrid: Garceta Bienvenido Visauta (2016). ANÁLISIS ESTADÍSTICO CON SPSS 14, 3. McGraw hill Utilizaranse ademais distintas fontes de datos e outro material, que se publicarán no Moodle da materia ao longo do curso. ademais distintas fontes de datos e outro material, que se publicarán no Moodle da materia ao longo do curso.
<b>Bibliografía complementaria</b>	IBM SPSS: Guía Completa Para Principiantes Aprende Estadísticas Utilizando IBM SPSS De la A-Z (Libro En Español / IBM SPSS Spanish Book Version): 1 Tapa blanda ? 30 julio 2019. Autor Walker Schmidt

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

O proceso de investigación en turismo: tipos, estrutura e fases/615524007

Técnicas cuantitativas aplicadas ao turismo/615524010

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías